



Actividade na que o usuario ha de ordenar os párrafos ou oracións que compoñen un texto para que este teña sentido:



Na pestana "Actividade" atopamos:



ZONA 1

Aquí faremos dobre clic no recadro da esquerda e como sempre, aparecerá unha ventá

emerxente para introducir datos:

Nos campos (1) escribiremos ata un máximo de 10 parágrafos na orde en que deberá colocalos o usuario. Unha vez cheos os campos, se queremos variar a súa orde farei clic para situar o cursor no que queiramos mover e aparecerá lixeiramente sombreado. Nese momento poderemos usar as frechas verdes de párea inferior (2) para subilo ou baixalo na lista.


Obsérvese que temos ata 3 caixas para ordenar parágrafos nunha mesma actividade, polo que se enchemos máis dunha, unha vez o usuario rematou de ordenar correctamente os parágrafos da 1ª pantalla, Ardora saltaría automaticamente á seguinte pantalla cos textos da segunda caixa.

ZONA 2

Como noutras actividades, nestes campos dimensionar o ancho e o alto da área de traballo da actividade para ofrecer ao usuario unha mellor e máis completa visión dos parágrafos a ordenar. En canto ao ancho, no caso de que o texto superase a lonxitude dunha liña, a caixa aumentaría automaticamente de altura para dar cabida a todo o texto. En canto ao alto, no caso de que o conxunto de caixas superase o alto da área de traballo da actividade, as caixas de texto saírían fóra desta.

ZONA 3

Neste recadro poderemos modificar o ancho (1) dos recadros que van conter os textos dende un mínimo de 420 pixeis ata un máximo de 550; se nos excedemos desas marxes, Ardora axusta automaticamente o tamaño das caixas a eses umbral en canto se faga unha vista previa da actividade ou se publique a mesma. Aquí tamén poderemos escoller o tipo (2) e tamaño (3) de fonte para os textos dos parágrafos a ordenar.



ZONA 4

Cos botóns (1) decidiremos se todos os recadros da actividade terán ou non as esquinas redondeadas. Cos botóns (2) faremos que cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba das palabras, os recadros teñan recheo sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado dos bordos cara ao centro respectivamente. Logo temos a xa coñecida casa de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (3). Finalmente, se activamos a casa (4) faremos que o recadro da área de traballo da actividade e os recadros de información e verificación presenten sombra nos lados dereito e inferior.

